



1º Congreso Internet na aula

A partir do próximo 1 de abril e ata o 30 de outubro, baixo o lema “Aprende, ensina”, o 1º Congreso Nacional Internet na Aula permitirá o achegamento da comunidade docente española á Sociedade da Información e a Comunicación dunha forma innovadora e demostrará as posibilidades que ofrecen as TIC na mellora dos procesos educativos, a partir de casos e experiencias reais.

O 1º Congreso Nacional Internet na Aula estrutúrase como un foro participativo no que a comunidade docente verá representadas as súas inquietudes e resoltas as dúbidas derivadas do uso das TIC na aula, como vía de adaptación aos novos desafíos educativos.

O congreso constará de dúas fases:

1) Fase virtual: do 1 de abril ao 30 de outubro de 2008.

A través da web <http://www.congresointernetenelaula.es/> poranse en marcha numerosas iniciativas dirixidas a fomentar a participación activa do profesorado, por exemplo, a zona de experiencias, na que **o persoal docente poderá presentar exemplos de boas prácticas nas aulas** (algunhas delas seleccionaranse ata para participar no Congreso Presencial); talleres que abordarán diferentes temas de interese para a formación do profesorado; ou numerosos foros onde compartir calquera tipo de inquietude relacionada coa temática do congreso.

2) Fase presencial: do 26 ao 28 de xuño de 2008

A sede do Congreso asignada para o profesorado de Galicia é Santander.

Dende a organización, convócanse becas para a asistencia ao congreso. Para Galicia oférense becas por un importe total de 25.000 euros. Utilizaranse como criterios de selección e por orde de preferencia:

- Ser coordinador TIC dun centro da rede TIC
- Ser premiado en proxectos de innovación educativa relacionados coas TIC pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Estar desenvolvendo e participando nalgún dos programas e proxectos de innovación educativa relacionados coas TIC convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As modalidades para participar no congreso poden ser:

- Presentación de experiencias e exemplos de boas prácticas para a fase virtual.
- Presentación de experiencias e exemplos de boas prácticas na fase presencial en caso de ser seleccionado/a na fase anterior
- Participante ou ben na fase virtual, na presencial ou en ambas as dúas.

Información do congreso: <http://www.congresointernetenelaula.es/>